

I EDICIÓN DOS PREMIOS CETUR
A TRABALLOS FIN DE GRAO (TFG) E TRABALLOS FIN DE
MÁSTER (TFM)
CURSOS 2023-2024 E 2024-2025

1. Obxectivo da Convocatoria

A presente convocatoria ten por obxecto recoñecer e poñer en valor a calidade e o interese investigador dos Traballos de Fin de Grao (TFG) e dos Traballos de Fin de Máster (TFM) defendidos durante os cursos académicos 2023-2024, 2024-2025 nas universidades do Sistema Universitario de Galicia, cuxos contidos supoñan unha achega relevante á análise, comprensión, reflexión ou aos retos aos que se enfronta a actividade turística, dende unha perspectiva académica rigorosa.

Os traballos deberán destacar pola súa:

- I)** Calidade científica;
- II)** Orixinalidade e relevancia do tema de investigación;
- III)** Coherencia metodolóxica;
- IV)** Capacidade para abordar cuestións de interese;
- V)** Resultados da investigación;
- VI)** Retos ou transformacións vinculadas ao turismo;
- VII)** Calidade da presentación e redacción.

Os devanditos criterios están en consonancia cos fins e obxectivos do Centro de Estudos e Investigacións Turísticas (CETUR) da Universidade de Santiago de Compostela.

2. Persoas destinatarias

1. Poderán concorrer a esta convocatoria as persoas que defenderon e superaron un Traballo de Fin de Grao ou un Traballo de Fin de Máster durante os cursos académicos 2023-2024 e 2024-2025, ou o seu equivalente académico, en calquera universidade galega, e que acadasen unha cualificación igual ou superior aos 8 puntos.
2. Os traballos presentados deberán amosar un interese claro para o estudo do turismo, entendido dende unha perspectiva ampla, transversal e interdisciplinaria, e contribuír á análise de retos, dinámicas, procesos ou problemáticas relevantes do sector, con independencia do ámbito de coñecemento dende o que se aborden.

3. Premios e dotación

Concederanse os seguintes premios:

- Premio CETUR ao mellor Traballo de Fin de Grao (TFG), o cal se acompañará dun diploma acreditativo e, de ser o caso, nunha mención honorífica.
- Premio CETUR ao mellor Traballo de Fin de Máster (TFM), o cal se acompañará dun diploma acreditativo e, de ser o caso, nunha mención honorífica.

O xurado poderá conceder un accésit por cada modalidade a aqueles traballos que, sen resultar premiados, acaden unha valoración especialmente destacada. Excepcionalmente, o xurado poderá repartir o premio entre varios traballos ou declarar deserto calquera dos premios ou accésits cando considere que non se acadan os niveis de calidade ou interese requiridos.

4. Presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse de forma telemática, a través do seguinte enlace [Premios CETUR para TFG e TFM](https://forms.office.com/e/5NLpzPD5GW) (<https://forms.office.com/e/5NLpzPD5GW>) e posteriormente enviando a documentación solicitada ao enderezo e-mail: cetur@usc.es

A solicitude deberá contar a seguinte documentación:

- Copia do TFG ou TFM en formato PDF ou ligazón permanente a un repositorio accesible.
- Copia do DNI, NIE ou pasaporte.
- Certificación académica oficial na que conste a cualificación obtida

A presentación da solicitude implica a aceptación expresa do contido íntegro da convocatoria.

5. Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o día de publicación das presentes bases e **rematará o día 2 de marzo de 2026.**

Non se admitirán solicitudes presentadas fóra do devandito prazo.

6. Comité de selección e criterios de valoración

6.1. Composición do xurado

- A Directora do CETUR, que actuará como Presidenta.
- Dúas persoas investigadoras con experiencia acreditada en investigación relacionada co turismo ou ámbitos afíns que non presenten conflito de intereses.
- Dúas persoas representantes institucionais do Consello Asesor do CETUR, procedentes das entidades ou organismos que o integran.

A composición do xurado atenderá a criterios de equilibrio, pluralidade académica e ausencia de conflito de intereses.

6.2. Criterios de valoración

Os traballos presentados serán avaliados atendendo, entre outros, aos seguintes criterios: interese e relevancia do tema abordado:

- I. Orixinalidade do tema de investigación;
- II. Calidade científica e relevancia da investigación;
- III. Rigor e coherencia metodolóxica;
- IV. Resultados finais e achegas ao coñecemento no ámbito turístico;
- V. Calidade formal;
- VI. Claridade expositiva do traballo.

7. Fallo e comunicación dos resultados

O xurado emitirá o seu fallo, que será comunicado ás persoas premiadas a través dos medios de contacto identificados no formulario de solicitude. As persoas beneficiarias deberán remitir a súa aceptación expresa do premio no prazo máximo de quince días hábiles dende a notificación.

A entrega dos premios realizarase nun acto público organizado polo CETUR, preferentemente no marco dunha actividade académica ou científica.

8. Protección de datos

A información persoal requirida deberá ser achegada obrigatoriamente no caso de solicitar a participación nos premios.

Esta información será tratada de forma confidencial, de acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, que adapta o ordenamento xurídico español ao Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril de 2016.

A participación nesta convocatoria implica a aceptación íntegra das presentes bases, así como da normativa aplicable en materia de protección de datos, propiedade intelectual e réxime xurídico da Universidade de Santiago de Compostela.

9. Datos de contactos para dúbidas e informacións

Para calquera dúbida, consulta ou solicitude de información adicional relacionada con esta convocatoria, as persoas interesadas deberán poñerse en contacto co CETUR, a través do enderezo cetur@usc.es